


SENS ARTS WEEK: Semana Internacional
da Educación Artística declarada pola UNESCO.

Foro internacional de arte e educación:
En busca do procomún: Educación artística participativa,
sensibilidade e transformación social.



FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA



 Deputación
DA CORUÑA

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

 INSEA

 Oficina de Cooperación
e Voluntariado
Mobilizando competencias

SENS ARTS WEEK: Semana Internacional da Educación Artística declarada pola UNESCO.

A Sens Arts Week busca sensibilizar á comunidade internacional sobre a importancia da educación artística nas nosas vidas. A diversidade cultural, a cohesión cidadá, como motor de cambio e transformación social do procomún. Un proxecto experimental de formación docente con artistas contemporáneos e centros educativos da cidade de A Coruña, levado a cabo durante os meses de marzo, abril e maio, cuxos procesos creativos serán obxecto de obras de arte público e participativo nas rúas da cidade. Así mesmo, todo este proxecto-proceso *work in progress* será obxecto dun debate internacional nos días 1 e 2 de xuño nun Foro Internacional de Arte e Educación: En busca do procomún: Educación artística participativa, sensibilidade e transformación social.

A Conferencia da UNESCO celebrada en 2011 reforza a idea da promoción da Educación Artística, lembrando o disposto na súa Resolución 35 C/40. Decide proclamar a cuarta semana de maio Semana Internacional da Educación Artística e alentar a todos os Estados Membros, sociedade civil, ás organizacións profesionais e ás comunidades a que organicen con tal motivo, actividades pertinentes a escala nacional, rexional e internacional. A directora xeral da UNESCO, Irina Bokova, instou aos gobernos, institucións educativas e á sociedade a apoiar proxectos e actividades que reforcen o papel da arte como impulsor do diálogo, a cohesión social e a paz.

“A arte é a clave para formar xeracións capaces de reinventar o mundo herdado. Reforza a vitalidade das entidades culturais e promove a relación con outras comunidades.”

SENS ARTS WEEK.

Semana Internacional da Educación Artística declarada pola UNESCO.

LUNS 28 de maio

FÓRA DA AULA

Fóra da aula é un proxecto educativo que trata de introducir ao alumnado na experiencia da performance e a acción artística como ferramenta de comunicación, co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento da creatividade, a participación activa, e o traballo en común. Baixo a perspectiva artística, 2+2 non sempre son 4. Sacaremos a aula á rúa, para xogar coa capacidade de construír outros espazos, a partir da observación, a experiencia ou a exploración individual, descubrir o potencial para xerar espazos, tempos, lugares e presenzas. A raíz dun traballo de reflexión cos alumnos acerca da súa forma de vivir as clases, construímos unha acción de rúa para falar de como se pode estar fóra sen necesidade de saír da aula, e mesmo ata que punto ese estar fóra da aula, pode chegar a converterse nun lugar común ou de encontro.

19:00h | PRAZA DE SAN NICOLÁS

Alumnado de Educación Secundaria do IES Zalaeta.
Profesora: Patricia Iglesias.
Performer: Marta Cuba.

MARTES 29 de maio

MAR DE PLÁSTICO

Este proxecto de arte participativa e colaborativa xorde da interacción entre diferentes axentes implicados: Mestras, artistas contemporáneos, alumnado en formación e nenas e nenos de infantil e primaria dos centros públicos da Coruña. Partimos das liñas de acción do proxecto Zaborra puztu/ Infla tu basura, un proxecto pedagóxico vinculado á creación contemporánea que consiste en habilitar un fondo dispoñible de estruturas

inflables realizadas a partir de materiais plásticos, desenvolvido por dous colectivos: Basurama y Arropaineko Arragua.

É un proxecto de creación artística aplicado a unha rede de centros escolares en diferentes xeografías do país que, dende o concepto de reutilización, bio-ecoloxía e de produción de espazos para habitar, participan dese fondo dispoñible de arquitecturas inflables como instalación artística nos emprazamentos escolares e cidadás.

A relación colaborativa entre centros educativos reforzase, non só porque compartan intereses estéticos ou pedagóxicos, senón porque son colaboradores e produtores nos procesos creativos dun proxecto común: a escola compartida

10:00h | PRAZA DE MARIA PITA

Alumnado e mestras del CEIP Ramón de la Sagra, CEIP Wenceslao Fernández Flórez, CEIP Rosalía de Castro e CEIP Emilia Pardo Bazán.

Alumnado de 3 do grado de Educación Infantil, da materia Didáctica da Expresión Plástica. Facultade de CC. da Educación.

Artistas: Esteka (Maider I. + Andere U.) + Basurama.

MÉRCORES 30 de maio

ARQUITECTURA DA EMERXENCIA

A gran cantidade de crias desprazadas no mundo aumenta cada día. Mediante a construción desta cúpula xeodésica preténdese unha achega á sociedade galega da situación da desprazadas no mundo. A estrutura está inspirada no uso do cartón estrutural do arquitecto Shigeru Ban que leva creando refuxios con este recurso en diversos lugares do mundo nas últimas décadas. Ademais tómase tamén inspiración do traballo de diversos fotógrafos que desenvolven a súa actividade con crianzas que viven en campos de refuxiados.

18:00h | PRAZA DE TABACOS

Alumnado de 3 del grado de Educación Infantil, de la materia Didáctica de la Expresión Plástica. Facultade de CC. de la Educación

MÉRCORES 30 de maio

LIVE CINEMA: PIELES

Pieles é un proxecto surxido da colaboración entre o alumnado do Mestrado de Profesorado de Educación Secundaria e alumnos do IES Alfonso X Sabio de Cambre, co obxectivo de poñer en manifesto a realidade multicultural que caracteriza a nosa sociedade.

O resultado é unha serie fotográfica que da lugar a unha gama cromática composta por 58 tons de pel das persoas que foron retratadas durante a realización do proxecto.

22:45h | XARDÍNS DA MAESTRANZA

Proxectado sobre a Fundación Luis Seoane.

Alumnado de Educación Secundaria del IES Alfonso X de Cambre.

Profesora: Marta Moreira.

Alumnado do Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria (Artes Plásticas e Visuais): José Luís Modroño, María Martul, Leticia Zapata, Celia González, Cristina Piñeiro. Facultade de Ciencias da Educación.

Artistas contemporáneos: Belén Montero e Juan Lesta.

XOVES 31 de maio

RIAZOR/AREA

Neste caso propónse a praia de Riazor como espazo a intervir desde un punto de vista artístico e educativo.

O colectivo de profesionais englobado baixo o paraugas común de Sistema Lupo é o encargado de expor unha acción. Como é habitual no colectivo promóvese unha acción que parte dende a arquitectura para xerar unha reflexión que neste caso ten que ver coa infancia, o espazo público, a seguridade e a participación

A acción proposta baséase nunha construción efémera realizada simplemente coa area da praia e os graos de humidade que proceden da auga de mar.

Exponse unha obra hidráulica como as que os nenos realizan na proximidade da pleamar. Unha piscina gañada na area seca a través dunha estratexia infantil de apertura dunha canle que encha un foso aproveitando a marea. Exponse esta estratexia nunha zona próxima ao límite coa auga en función dos datos de marea previstos e o seu illamento posterior ao pechar a boca da canle de entrada de auga.

10:00h | PRAIA DE RIAZOR

Colectivo: Sistema Lupo, Fermín Blanco, Luis Fernández López, Jose Rebollo Porto, David Rodríguez Antuña, Victor GG Echave.

Alumnado del CEIP Colexio CPR Plurilingue Esclavas Sagrado Corazón.

Foro internacional de arte e educación:
En busca do procomún: Educación
artística participativa, sensibilidade e
transformación social.

VENRES 1 de xuño

16:00 ACREDITACIÓNS.

16:20 INAUGURACIÓN.

*Manuel Vila López | Subdirector Xeral de Ordenación
e Innovación Educativa e Formación do Profesorado.*

*Julio E. Abalde Alonso | Reitor da Universidade
da Coruña.*

*Goretti Sanmartín | Vicepresidenta da
Deputación da Coruña.*

*Xosé Manuel Sande | Concelleiro de Culturas do
Concello de A Coruña.*

Silvia Longueira | Directora da Fundación Luis Seoane.

Teresa Eça | Presidenta do InSea.

José María Mesías | Director do congreso.

17:00-17:20 VERSOGRAMAS.

Live-cinema: *Belén Montero, Juan Lesta.*

Texto poético: *Celia Parra entre outros.*

17:30-18:30 CONFERENCIA INAUGURAL:

Arte público e Políticas artísticas na cidade de Nova Iork.

*Sergio Pardo. New York City Department of
Cultural Affairs.*

18:30-19:00 COFFEE BREAK

19:00-21:00 | LABs

Manifesto para a as Artes Visuais nas Escolas
em versão Cadernos Artivistas.

Dra. Teresa Eça e Ángela Saldanha.

Fóra da aula.

Dra. Patricia Iglesias.

A escola compartida. Producción e construción
de espazos para usos múltiples, temporais e
dispoñibles para as prácticas de creación nas aulas.
Maidier Illana, Arragua.

SÁBADO 2 de xuño

9:30 -11:00 CONFERENCIA:

Educación (e artes) para cambiar ás persoas
que van cambiar o mundo.

Dr. Carlos Escaño. Universidade de Sevilla.

11:00-11:30 COFFEE BREAK

12:00-14:00 | LABs

Communiars. Habitando prácticas artísticas.

Dra. Ana Maeso y Julia Mañero.

O meu patio non se molla como os demais!

Repensar os patios a través da ArtEducación.

Cristina Trigo.

A metáfora como detonante da aprendizaxe.

Estratexias activa de ensino-aprendizaxe na
educación artística contemporánea.

Andrea Rubio.

16:00 – 17:30 CONFERENCIA:

Pedagogías de contacto: Performace e
intervencións educativas para desbordar o aula.

*Dra. Judit Vidiella. Escuela ERAM/Universidad
de Girona.*

17:30-18:30 CONFERENCIA CLAUSURA:

Experiencias de investigación en artivismo:
análisis semántico y social.

*Eva Aladro Vico. Universidade Complutense de
Madrid.*

18:30-19:00 COFFEE BREAK

19:00-21:00 | LABs

Micro-cimiento. O profundo é o aire.

Dr. Fermín Blanco.

Coincidentes 2.0. Repensando o espazo.

Ángeles Díaz.

Formar a docentes en diversidade sexual.

Dr. Ricard Huerta.

